

Modificacións da P. D. da materia de REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO

Curso 2019/20

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **CMUS Profesional de Santiago de Compostela** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de REPENTIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO da especialidade de Piano para o curso 2019-20:

- MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Adáptase o grao de esixencia de cada un deles en función do indicado no apartado seguinte (mínimos esixibles).

- MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao 2º trimestre de cada curso.

4º CURSO GP

- Lectura a primeira vista dunha obra con melodía e acompañamento.
- Improvisar un acompañamento a unha melodía cos graos I e V.
- Realizar a primeira vista un baixo cifrado con acordes tríadas.

5º CURSO GP

- Ler a primeira vista unha obra contrapuntística.
- Lectura a primeira vista dunha secuencia harmónica cos graos I, IV, V e V7
- Improvisar un acompañamento a unha melodía dada cos graos I, IV, V e V7
- Transportar un fragmento breve a intervalo de segundas maior e menor.
- Realizar a primeira vista un baixo cifrado con acordes tríadas e sétima de dominante en estado fundamental e primeira inversión.

6º CURSO GP

- Lectura a primeira vista dunha obra contrapuntística.
- Lectura a primeira vista dunha secuencia harmónica con graos tonais e sétimas diatónicas.
- Improvisar un acompañamento a unha melodía dada cos graos tonais e sétimas diatónicas.
- Transportar a primeira vista un fragmento musical a intervalo de segunda menor ou maior ascendente ou descendente.
- Realizar a primeira vista un baixo cifrado con acordes tríadas e sétima de dominante en en estado fundamental e en primeira e segunda inversión.

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Non sofren modificacións máis alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do 3º trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste período docente con cada alumno ou alumna, en todo caso: correo electrónico, CentrosNet, videochamada e/ou aula virtual. Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións planificadas para o 3o trimestre debido á cancelación das mesmas.

▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na P.D. realizarase preferentemente por videochamada, na convocatoria de dita proba indícarase a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación

e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a esta proba, pero non eximen da súa realización.